



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



### PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

O Concello de Cerdedo-Cotobade pretende a pavimentación do camiño do Quinteiro, sito na parroquia de Tomonde de 150 metros de lonxitude e 8,50 metros de ancho. Preténdese tamén conxugar a pavimentación do camiño, para dar solución ás necesidades de mobilidade dos veciños, coas obrigas fixadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia para garantir o cumprimento da normativa nesta materia.

O procedemento aberto simplificado, en que calquera licitador pode formular a súa oferta, configúrase como o mais axeitado para a tramitación do procedemento conciliándose a publicidade da concorrência e a axilidade na súa tramitación.

A Disposición Adicional decimoquinta da Lei 9/2017 do 8 de novembro determina que,

“A presentación de ofertas e solicitudes de participación levará a cabo utilizando medios electrónicos, de conformidade cos requisitos establecidos na presente disposición adicional.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os órganos de contratación non estarán obrigados a esixir o emprego de medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas nos seguintes casos:

- a)Cando, debido ao carácter especializado da contratación, o uso de medios electrónicos requiriría ferramentas, dispositivos ou formatos de arquivo específicos que non están en xeral dispoñibles ou non aceptan os programas xeralmente dispoñibles.
- b)Cando as aplicacións que soportan formatos de arquivo adecuados para a descrición das ofertas utilizan formatos de arquivo que non poden ser procesados por outros programas abertos ou xeralmente dispoñibles ou están suxeitas a un réxime de licenzas de uso privativo e o órgano de contratación non poida ofrecelas para a súa descarga ou utilización a distancia.
- c)Cando a utilización de medios electrónicos requira equipos ofimáticos especializados dos que non dispoñen xeralmente os órganos de contratación.
- d)Cando os pregos da contratación requiran a presentación de modelos físicos ou a escala que non poden ser transmitidos utilizando medios electrónicos.”

Motívase a excepción de referencia en que *“na actualidade non se dispón de equipos ofimáticos avanzados para dar cumprimento á licitación electrónica sen que a ferramenta de xestión de expedientes habilitada pola Deputación Provincial en virtude das súas competencias determinadas no artigo 36.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril permita dar cumprimento a esta previsión legal na actualidade”* carecéndose de equipos ofimáticos especializados dos que non dispoñen xeralmente os órganos de contratación.

En base aos antecedentes anteriores,



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



### Dispoño:

1.Iniciar expediente para a contratación das obras de “ENSANCHE CAMIÑO DO QUINTEIRO (TOMONDE)”, dispoñéndose a súa tramitación mediante procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación.

2.Ordenar que se incorpore a seguinte documentación:

- Informe de necesidade
- Prego de Cláusulas Administrativas
- Prego de Prescricións Técnicas
- Informe de Secretaría
- Informe de Intervención e certificado de existencia de crédito
- Aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación
- Demais documentación prevista pola Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público

Cerdedo-Cotobade  
(Asinado dixitalmente á marxe)

**O Alcalde,**

*Jorge Cubela López*

P3600048G



Cod. Validación: 5SYJL7ZNAFAJLNZTLFGMYL4FM | Corrección: <http://concellocerdedocotobade.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2